



ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO RÍA DE MUROS-NOIA DO 13 DE FEBREIRO DE 2020

No salón de plenos do Concello de Lousame, o día 13 de febreiro de 2020, ás 12:00 horas réunese a Xunta Directiva da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asisten:

Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, presidenta.

Dona Inés Monteagudo Romero, con DNI núm. 33270550S, vicepresidenta.

Don Manuel González López, con DNI núm. 78793193T, secretario.

Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, vogal.

Comeza a Reunión coa seguinte orde do día:

- 1.- Informe da presidenta: Balance de xestión do ano 2019.
- 2.- Proposta de accións para a anualidade 2020.
- 3.- Aprobación do orzamento para a anualidade 2020.
- 4.- Solicitude de subvencións para o ano 2020.
- 5.- Rogos e preguntas

1.- Informe da presidenta: Balance de xestión do ano 2019.

Informa a presidenta das accións levadas a cabo durante o ano 2019 a todos os presentes centrándose nos produtos e traballos de promoción e comunicación.

Apróbase por unanimidade dos presentes a acta da Asemblea Xeral extraordinaria do 04 de xullo de 2018.

Préstase atención á problemática da actividade de sendeirismo, especialmente no tocante ás habilitacións legais para realizar as actividades e a posible responsabilidades dos concellos.

Valórase a posibilidade de facer xestións ante a inspeccións de turismo.





2.- Proposta de accións para a anualidade 2020.

A proposta de accións corresponde coa proposta de orzamento.

3.- Aprobación do orzamento para a anualidade 2020.

A presidenta presenta unhas orientacións do orzamento pero informa de que o acordo de aprobación do mesmo é competencia da Asamblea da ARD.

Acórdanse a coutas dos concellos para a anualidade 2020 que quedan como seguen:

-Concello de Lousame: 6.000,00 €

-Concello de Muros: 15.000,00 €

-Concello de Noia: 32.090,20 €

-Concello de Outes: 14.622,98 €

-Concello de Porto do Son: 20.812,05

O Alcalde de Outes fai unha consultar sobre os criterios de reparto das aportacións.

4.- Solicitude de subvencións para o ano 2020.

Infórmase das convocatorias ás que a ARD pode presentar candidaturas:

- Subvencións a Xeodestinos de Galicia da Axencia Turismo de Galicia
- Subvención a entes de xestión turística da Deputación da Coruña
- Subvencións a actividades non produtivas do GALP Costa Sostible.

Infórmase así mesmo doutras convocatorias ás que se podería concorrer como agrupación de concellos

- Subvención a informadores turísticos da Axencia Turismo de Galicia.

Tómanse os seguintes acordos:

I-Acordo da Xunta Directiva da ARD Ría de Muros Noia para solicitar unha subvención con cargo a liña aberta por resolución da Axencia Turismo de Galicia do 28 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a



xeodestinos de Galicia, para o desenvolvemento de actuacións de dinamización turística, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TU50IC) (DOG 19/12/19).

2-Acordo da Xunta Directiva da ARD Ría de Muros Noia para solicitar unha subvención á Deputación Provincial da Coruña con cargo ao programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia de A Coruña no ano 2020 (BOP 4/2/20) e acordo de delegación na presidenta para a presentación telemática da solicitude e sinatura dos documentos precisos para a súa tramitación.

5.- Rogos e preguntas

A presidenta insiste na necesidade de dotar á ARD Ría de Muros-Noia dunha estrutura xuridicamente mais acorde coa natureza xurídica dos concellos.

Insiste na premura de facelo.

O alcalde de Outes plantexa facer unha acción de colaboración da ARD cos establecementos turísticos no marco do programa Galicia Elixé.

Acórdase:

Solicitar información ao servizo responsable do programa sobre as posibilidades de colaboración.

Sen mais temas que tratar, levántase a sesión ás 13.00 horas do día e data.

